

Elisa Beni (Logroño, 1965). Xornalista. É licenciada en Ciencias da Información pola Universidade de Navarra. Aos 23 anos comezou a súa carreira profesional dirixindo un xornal, *El Faro de Ceuta*, e converteuse na directora de xornais máis nova que houbo en España. Poucos anos despois foi directora de emisoras da Cadena SER (SER e Cadena Cuarenta). Logo de cursar o Máster de Seguridade e Defensa do Instituto Gutiérrez Mellado especializouse en xornalismo de defensa e, posteriormente, en xornalismo xudicial.

Traballou en *La Voz de Almería*, en *Diario 16* como redactora xefa e na revista *Época* como subdirectora. Durante cinco anos foi directora de Comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid; a súa responsabilidade foi a de crear un servizo inexistente e levar a política de comunicación e o gabinete de prensa tanto do seu presidente coma dos máis de 600 xuíces e xuízas que exercen xurisdición na Comunidade.

Participou na meirande parte dos debates políticos da televisión na última década e en programas coma *El gran debate* (Tele 5), *Las mañanas de Cuatro*, *Al rojo vivo* (La Sexta) ou *Espejo público* (Antena 3). Actualmente colabora en *Más vale tarde* e en *La Sexta noche* (La Sexta), *Julia en la Onda* (Onda Cero), *QMC* (ETB) e *Las claves del día* (Telemadrid).

Foi columnista de *La Razón*, *Tiempo* e actualmente de eldiario.es.

Como escritora publicou a novela *Peaje de libertad* (Espasa), *La soledad del juzgador* (Temas de Hoy), o ensaio *La justicia sometida* e os manuais *Comunicación jurídica* e *Manual de periodismo judicial*. O seu último libro é *Pisa mi corazón* (Almuzara, 2017).

Twitter: @elisabeni